



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación modificación bases que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a superior de seguridade (técnico/a superior de prevención de riscos laborais) (subgrupo A1), C.E. 16/23

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 22 de xuño de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Modificar o requisito de titulación esixido na base específica 3ª das que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a superior de seguridade (técnico/a superior de prevención de riscos laborais) (subgrupo A1), da escala de administración especial, C.E. 16/23, publicadas no BOP núm. 57 do 26/03/2026, nos seguintes termos:

Onde di:

“Posuír ou estar en condicións de obter unha titulación universitaria de grao ou licenciatura, da rama de ciencias sociais e xurídicas, e máster universitario en prevención de riscos laborais”.

Debe dicir:

“Posuír ou estar en condicións de obter unha titulación universitaria de grao, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou equivalente, así como posuír a formación para o desempeño das funcións preventivas de nivel superior correspondente as tres especialidades e disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, en virtude do disposto no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de prevención. Dita formación deberá acreditarse por unha das seguintes opcións:

- Certificación oficial que acredite a habilitación para o desempeño das funcións preventivas de nivel superior mencionadas, co contido especificado no programa do Anexo VI do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.*
- Máster universitario en prevención de riscos laborais, adaptado ás directrices do Espazo Europeo de Educación Superior que acredite para desenvolver ditas especialidades e disciplinas, de acordo co Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención”.*

Segundo.- Declarar a conservación das instancias presentadas previamente á publicación desta modificación, independentemente de que se alegaran os requisitos de titulación afectados, de acordo co art. 51 da LPACAP.

Terceiro.- Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da modificación da convocatoria no BOE.

Cuarto.- Estas bases, unha vez corrixidas como consecuencia da estimación do recurso presentado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIIG), publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/>), segundo consta no anexo a esta resolución.

Coa publicación das bases modificadas, deixarase constancia de que o novo prazo para a presentación de solicitudes é compatible coa conservación das instancias xa presentadas en prazo despois do anuncio da convocatoria efectuado no BOE do 07/04/2026.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 25 de xuño de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE SEGURIDADE (TÉCNICO/A SUPERIOR DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS) (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA (C.E. 16/23)

1. OBXECTO

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a superior de seguridade (técnico/a superior de prevención de riscos laborais) (subgrupo A1) da escala de Administración especial, subescala técnica (C.E. 16/23), incluída na OEP do ano 2023, segundo se detalla:

- OEP do ano 2023 (BOP núm. 72 do 17/04/2023) 1 praza de técnico/a superior de seguridade (técnico/a superior de prevención de riscos laborais) (subgrupo A1).

Estas bases son complementarias ao procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para o acceso a prazas de persoal funcionario do Concello da Coruña aprobadas por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 12/04/2023 (BOP núm. 73 do 18/04/2023).

2. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

3. REQUISITOS

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais, os seguintes requisitos:

1. Posuír ou estar en condicións de obter unha titulación universitaria de grao, licenciatura, enxeñería, arquitectura ou equivalente, así como posuír a formación para o desempeño das funcións preventivas de nivel superior correspondente as tres especialidades e disciplinas preventivas de Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía Aplicada, en virtude do disposto no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de prevención. Dita formación deberá acreditarse por unha das seguintes opcións:

- Certificación oficial que acredite a habilitación para o desempeño das funcións preventivas de nivel superior mencionadas, co contido especificado no programa do Anexo VI do Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.
- Máster universitario en prevención de riscos laborais, adaptado ás directrices do Espazo Europeo de Educación Superior que acredite para desenvolver ditas especialidades e disciplinas, de acordo co Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario.

4. SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello da Coruña (sede.coruna.gal) mediante o procedemento específico “Participación en probas selectivas”, de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

4.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas dispoñible no seguinte enlace modelo 095 , na páxina web www.coruna.gal ou nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello da Coruña.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego, as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

De conformidade co artigo 28 da LPAC as persoas aspirantes teñen dereito a non presentar a documentación que xa obre en poder do Concello da Coruña, este poderá consultar ou recadar a dita documentación salvo que as persoas interesadas se opoñan. A existencia da dita documentación debe ser alegada na solicitude de participación.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, si o texto do exercicio deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os e as persoas aspirantes non poderán modificar a súa opción.

4.2 Acceso das persoas aspirantes con discapacidade

As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir no modelo oficial da solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. Neste suposto deberán achegar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación de grao de discapacidade, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

4.3 Pago de dereitos de exame

As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de 24,88 € de acordo coa Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora da taxa por tramitación ou expedición de documentos administrativos.

O ingreso do importe da taxa poderá realizarse mediante autoliquidación da taxa na Oficina Virtual do Contribuínte (OVC) e posterior pago da autoliquidación en Autoliquidacións (coruna.gal), en calquera banco, caixa de aforros ou cooperativa de crédito das que actúan como entidades colaboradoras na recadación tributaria, así como na oficina de recadación municipal situada na Rúa Franja, 20-22.

Estarán exentas do pago desta taxa:

- a) As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a participación no BOP

En aplicación do artigo 28 da LPAC os documentos que se relacionan de seguido, que xustifican a exención no pago da taxa de dereitos de exame, serán obxecto de consulta nas bases de datos deste concello e doutras administracións públicas segundo proceda:

- Certificación de discapacidade da persoa solicitante
- Certificación expedida polo servizo público de emprego no que conste que a persoa aspirante figura inscrita como demandante de emprego polo menos desde os 6 meses anteriores á data de publicación da convocatoria das probas selectivas nas que solicita a participación

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia destes certificados.

A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa, cando non quede acreditado que a persoa aspirante cumpra cos requisitos para ter dereito á exención no pago, determinará a súa exclusión do proceso selectivo.

En ningún caso o pago da taxa dos dereitos de exame ou a xustificación da concorrencia de causa de exención no pago suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude específica de participación no proceso selectivo.

5. PROCEDEMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no Boletín oficial da provincia da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no Boletín oficial da provincia da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, reloxos electrónicos, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

5.1 FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará de catro exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Primeiro exercicio: Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- 1) Cada resposta correcta puntuará un punto
- 2) Cada resposta incorrecta descontará 0,25 puntos
- 3) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminadas. Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación do cuestionario esixida para alcanzar esta nota mínima.

A nota final será calculada a partir dos puntos obtidos no cuestionario utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 15 + \frac{15 \cdot P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = puntos obtidos pola persoa aspirante no cuestionario

P_c = Puntos de corte, isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o exercicio. Serán determinados polo tribunal durante a corrección daquel.

N = nota final obtida pola persoa aspirante no exercicio (a cifra obtida aplicaráselle o redondeo estándar a dous decimais)

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo de 3 días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.

Segundo exercicio: Consistirá en resolver, nun tempo máximo de 120 minutos, un suposto práctico, a elixir entre dous propostos polo tribunal, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario anexo.

O enunciado dos supostos será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos. A ponderación de cada un destes criterios en cada un dos supostos será posto en coñecemento dos aspirantes con carácter previo á realización do exercicio. Así mesmo, no caso de poñerse varios supostos prácticos polo tribunal con distinta puntuación cada un deles, deberá indicarse no exercicio entregado a/o opositor/a, a puntuación de cada un deles e o desenvolvemento dos criterios de cualificación xerais determinados, de selo caso.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 40 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios anteriormente descritos.

As persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resolución do exercicio.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación.

Terceiro exercicio: Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 120 minutos, dous temas, a elixir entre catro, da parte específica do temario anexo a esta convocatoria. Os catro temas serán obtidos mediante sorteo público realizado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

O tribunal valorará que as respostas se axusten aos contidos dos epígrafes dos temas elixidos, a estrutura da exposición, a claridade e orde das ideas, a precisión da linguaxe utilizada e a capacidade de síntese.

O exercicio será cualificado cun máximo de 30 puntos. Cada tema cualificarase cun máximo de 15 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos en cada un deles para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios anteriormente descritos.

Ao remate do exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resposta.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación.

Cuarto exercicio: proba de coñecemento da lingua galega. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

6. CUALIFICACIÓN FINAL

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios da oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos/ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados na base 3 desta convocatoria.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

7. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS

Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña, xunto coa proposta de nomeamento, nas prazas obxecto desta convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes polas persoas aspirantes propostas, serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria no prazo de 20 días hábiles, desde o día seguinte ao desta publicación da súa proposta de nomeamento como persoal funcionario.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Esta documentación presentarase por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña, de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

Así mesmo, as persoas aspirantes deberán realizar un recoñecemento médico obrigatorio que acredite que posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas.

Os/as aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán acreditar a compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Non poderán ser nomeadas funcionarias e quedarán sen efectos as actuacións relativas a aquelas persoas que non acrediten os requisitos esixidos na convocatoria ou que da consulta de datos ás Administracións Públicas se deduza que carecen dos devanditos requisitos.

As persoas que tivesen a condición de persoal funcionario de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar esta condición.

Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes que o superasen e acrediten en prazo, salvo causa de forza maior, o cumprimento dos requisitos esixidos na correspondente convocatoria, ou que da consulta dos datos das súas solicitudes ás Administracións Públicas resulte acreditado o cumprimento dos devanditos requisitos, serán nomeadas persoal funcionario de carreira pola autoridade competente.

A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6.

A adxudicación de postos de traballo efectuarase segundo as peticións das persoas interesadas entre os postos que se lles oferten de acordo coa puntuación sinalada na base 6, sempre que reúnan os requisitos obxectivos determinados para cada posto na relación de postos de traballo.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario de carreira nas prazas obxecto desta convocatoria mediante resolución da autoridade competente.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do nomeamento no BOP; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas non poderán adquirir a condición de persoal funcionario.

8. ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando algún dos exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal funcionario interino nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A orde de prelación destas persoas na dita listaxe establecerase de acordo co resultado da suma das puntuacións obtidas nos exercicios superados da fase de oposición.

TEMARIO**PARTE COMÚN**

TEMA 1.- A Constitución Española. Estructura. Os principios constitucionais: o Estado social e democrático de Dereito. Os valores superiores na Constitución española. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. As Cortes Xerais. A reforma constitucional.

TEMA 2.- O Goberno: Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Órganos constitucionais de control: o Tribunal de Contas e o Valedor do pobo. A función consultiva.

TEMA 3.- A Constitución Española. Os principios reitores da política social e económica. Economía e Facenda. O modelo económico na Constitución española. A constitucionalización do principio de estabilidade orzamentaria.

TEMA 4.- A organización territorial do Estado. Réxime de competencias: sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas: competencias exclusivas, compartidas, concorrentes, de desenvolvemento e de execución. O Estado das Autonomías. Os Estatutos de Autonomía. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

TEMA 5.- O Poder Xudicial: regulación constitucional da xustiza. Ordes xurisdiccionais e órganos xudiciais. O Tribunal Constitucional. Recurso de inconstitucionalidade e cuestión de inconstitucionalidade. O recurso de amparo.

TEMA 6.- O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e procedemento de reforma. Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de Xustiza en Galicia. As competencias de Galicia.

TEMA 7.- As fontes do ordenamento xurídico I. Teoría xeral e regulación no Código Civil. Articulación do sistema de fontes: principio de xerarquía e competencia. A lei e normas con rango de lei: concepto e clases; tipos, elaboración e aprobación. Os tratados internacionais e o dereito da Unión Europea. As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos.

TEMA 8.- As fontes do ordenamento xurídico II. O regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedementos de elaboración. Límites e control da potestade regulamentaria.

TEMA 9.- A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. As potestades administrativas. Potestade regradas e discrecionais: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.

TEMA 10.- A Unión Europea. O Consello europeo, o Consello, a comisión europea, o Parlamento europeo, o Tribunal de xustiza da Unión Europea: composición, competencias e funcionamento. O Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa.

TEMA 11.- O dereito da Unión Europea. Fontes. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditámenes. O procedemento lexislativo da Unión Europea. Relacións entre o dereito da Unión Europea e os ordenamentos xurídicos internos. Dereito da Unión Europea e dereito español. Relacións coas Comunidades Autónomas e as Entidades locais.

TEMA 12.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Título Preliminar: Disposicións xerais. A Administración Xeral do Estado. Organización e funcionamento do sector público institucional. Relacións interadministrativas.

TEMA 13.- A administración local na Constitución e nos Estatutos de Autonomía. O principio da autonomía local. A Carta Europea da autonomía local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.

TEMA 14.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Disposicións xerais. A provincia. Outras entidades locais. A información e participación cidadá. A federación española e municipios e provincias.

TEMA 15.- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Disposicións xerais. O municipio: Territorio. Competencias. Os réximes municipais especiais. Outras entidades locais: Áreas metropolitanas. Mancomunidades de municipios. Consorcios locais. Entidades locais menores. As agrupacións de municipios. A Federación galega de municipios e provincias.

TEMA 16.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.

TEMA 17.- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Dereitos e obrigas. Servizos de prevención. Consulta e participación dos traballadores.

TEMA 18.- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: As condicións de emprego en igualdade na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico.

PARTE ESPECÍFICA

TEMA 1.- Concepto de condicións de traballo e posto de traballo. Danos derivados do traballo. Obxecto e necesidade da prevención de riscos laborais: orixe histórico normativo, definición de prevención na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e técnicas de prevención e protección. Os principios da acción preventiva. Prevención de riscos laborais e a súa relación con outros ámbitos normativos: industrial, sanitario e medioambiental.

TEMA 2.- Integración da prevención: Real Decreto 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Guía técnica para a integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión.

TEMA 3.- Disciplinas preventivas: Seguridade no traballo. Hixiene industrial. Ergonomía e psicosocioloxía aplicada. Medicina do traballo.

TEMA 4.- Unión Europea: O dereito comunitario relacionado coa Seguridade e Saúde no traballo: Comisión Europea, Parlamento Europeo e Consello da Unión Europea. A Fundación Europea para a mellora das condicións de vida e de traballo: misión, organización e obxectivo. Axencia Europea para a Seguridade e Saúde no Traballo: misión, organización e obxectivos. Comité consultivo para a seguridade e a saúde no traballo. Comité de avaliación de riscos da ECHA.

TEMA 5.- Unión Europea: Directivas sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo. Directiva Marco 89/391/CEE: responsabilidades das empresas, principios xerais de prevención, obrigas da empresa e das persoas traballadoras. Transposición ao dereito español. O marco europeo estratéxico de seguridade e saúde no traballo 2021-2027: prioridades, transición dixital e verde, saúde mental, visión cero, preparación para crises sanitarias futuras. Directivas do mercado interior único e a súa relación coa seguridade e saúde no traballo: funcionamento e características. Concepto de Seguridade no produto. Requisitos esenciais dos produtos.

TEMA 6.- As normas técnicas: Concepto e tipos de normas. Organismos internacionais ISO e CEI. A Asociación Española de Normalización. O mercado único e as normas harmonizadas. Procedemento de avaliación da conformidade. O mercado CE.

TEMA 7.- Ámbito internacional: A Organización Internacional do Traballo: orixe, evolución, obxectivos, estrutura e organización. Convenios da OIT sobre Seguridade e Saúde. As recomendacións e outras actuacións.

TEMA 8.- Marco xurídico da prevención de riscos laborais en España: A Constitución Española de 1978; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais: contido, significado xeral e natureza; o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aprobe o Regulamento dos Servizos de prevención e o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións no Orde Social (LISOS).

TEMA 9.- Marco xurídico da prevención de riscos laborais en España: actuacións das Administracións Públicas competentes en materia laboral. O ámbito da función pública. A distribución de competencias e a coordinación de actuacións en materia de seguridade e saúde no traballo entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas. Órganos técnicos das Comunidades Autónomas. A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo: composición e cometidos. A Fundación Estatal para a prevención de riscos laborais.

TEMA 10.- Marco xurídico da prevención de riscos laborais en España: actuacións das administracións públicas competentes en materia sanitaria e de industria. Lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeneral de Saúde Pública: artigos 1 e 32 a 34. Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria: estrutura, obxecto; funcionamento dos organismos de control. Entidades de acreditación. Consello de coordinación da seguridade industrial.

TEMA 11.- Dereitos e deberes: O dereito das persoas traballadoras á protección fronte aos riscos laborais. O deber empresarial de protección. Situacións de risco grave e inminente. Protección de traballadores especialmente sensibles a riscos. Obrigacións das persoas traballadoras.

TEMA 12.- Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

TEMA 13.- Consulta e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais: O deber de consulta. Os dereitos de participación e representación específica das persoas traballadoras. Os delegados e delegadas de prevención: a súa designación, garantías, competencias e facultades. Comité de Seguridade e Saúde. Colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

TEMA 14.- O Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención: A integración da prevención nunha empresa. O Plan de prevención de riscos laborais. A avaliación dos riscos: definición, contido, procedemento e documentación. A planificación da actividade preventiva.

TEMA 15.- Plan Xeral de prevención de riscos laborais do Concello da Coruña.

TEMA 16.- O Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención: A organización da actividade preventiva: modalidades, requisitos e funcións. Presenza dos recursos preventivos.

TEMA 17.- A xestión da seguridade e a saúde: Concepto. Modelo de sistema de xestión da seguridade e saúde da Organización Internacional do Traballo (OIT). O sistema de prevención de riscos laborais na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. A auditoría do sistema de prevención de riscos laborais: concepto e regulación das auditorías no Capítulo V no Regulamento dos Servizos de Prevención.

TEMA 18.- Responsabilidades preventivas: responsabilidades administrativas e a súa compatibilidade coas doutra orde. Disposicións concretas en materia de responsabilidades na Ley de Prevención de Riscos Laborais e na LISOS..

TEMA 19.- As responsabilidades en materia de prevención de riscos laborais. A protección penal da seguridade e saúde no traballo. O delito contra a seguridade e saúde no traballo. A responsabilidade por imprudencia ante accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Incidencia sobre a responsabilidade administrativa na materia. A responsabilidade civil derivada dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais: alcance e xurisdición competente. Relacións entre os distintos tipos de responsabilidades.

TEMA 20.- A adaptación da normativa de prevención de riscos laborais ao ámbito da Administración Pública. As excepcións da Lei de prevención de riscos laborais. O Real decreto 67/2010, do 29 de xaneiro, de adaptación da lexislación de prevención de riscos laborais á Administración Xeral do Estado. A actuación da Inspección de Traballo e prevención de riscos laborais no ámbito da Administración Seguridade Social en materia de Xeral do Estado: O Real Decreto 707/2002, do 19 de xullo.

TEMA 21.- A protección da maternidade e dos menores: riscos laborais específicos para a muller traballadora durante o embarazo, posparto e lactación. Lexislación de protección á maternidade fronte aos riscos laborais. Lexislación de protección dos menores fronte aos riscos laborais.

TEMA 22.- Concepto e determinantes da saúde. Conceptos da saúde nos modelos de Laframboise-Lalonde e Dahlgren e Whitehead. O traballo como determinante da saúde: as condicións de traballo e factores de risco. A promoción da saúde no traballo: concepto e principios de actuación. A rede española de empresas saudables.

TEMA 23.- O concepto de accidente de traballo e enfermidade profesional no marco do Real Decreto Legislativo 8/2015. A notificación de accidentes de traballo: ORDE TAS/2926/2002. O cadro de enfermidades profesionais: Real Decreto 1299/2006, a notificación das enfermidades profesionais: ORDE TAS/1/2007. Obrigacións do empresario e dos servizos de prevención con relación ao accidente de traballo e enfermidade profesional no marco da Lei 31/1995, do Real Decreto 39/1997 e do Real Decreto 843/2011.

TEMA 24.- Epidemioloxía laboral: concepto de epidemioloxía da OIT. Ramas da epidemioloxía: investigación epidemiolóxica de Abraham Lilienfeld e epidemioloxía aplicada de campo da OMS. Medidas de frecuencia da enfermidade: prevalencia e incidencia. Tipos de estudos epidemiolóxicos e as súas principais características: estudos experimentais: estudos de intervención e estudos observacionais. Medidas de magnitude do efecto: medidas de efecto absolutas e relativas.

TEMA 25.- Avaliación de riscos: concepto, contido xeral da avaliación, procedemento, revisión e documentación. Planificación da actividade preventiva

TEMA 26.- Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de Equipos de Protección Individual (EPIs). Guía técnica para a utilización polos traballadores de EPIs.

TEMA 27.- A investigación científica: concepto. Os principios de causalidade. O método estatístico. Clasificación das variables: categóricas ou cualitativas e variables cuantitativas. Estatística descritiva: parámetros de centralización, dispersión e posición.

TEMA 28.- Estatística de accidentes de traballo: órganos encargados da estatística de accidentes de traballo. Índices de sinistralidade: índice de incidencia, índice de frecuencia, índice de gravidade, duración media das baixas. Tendencia da sinistralidade. Estatística de enfermidades profesionais.

TEMA 29.- A formación en prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigacións. A planificación da formación. O diagnóstico de necesidades, definición e obxectivos. A determinación dos programas. Os métodos e técnicas de formación. A avaliación da formación.

TEMA 30.- Os custos dos accidentes de traballo: Custo humano e custo económico dos accidentes de traballo. Custo para a persoa accidentada. Custo para a empresa. Custo para a sociedade. Custos dos danos derivados do traballo fronte aos beneficios da acción preventiva.

TEMA 31.- Investigación de accidentes de traballo: concepto, obrigación e obxectivos. Accidentes que se deben investigar. Metodoloxía: NTP 442. Informe de resultados e características das propostas preventivas. Investigación de accidentes polo método da árbore de causas.

TEMA 32.- Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre sinalización de seguridade e saúde no traballo. Guía técnica sobre sinalización de seguridade e saúde no traballo.

TEMA 33.- Real decreto 486/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos lugares de traballo.

TEMA 34.- O risco de incendio: Química do lume. Cadea do incendio. Clasificación dos lumes en función da natureza do combustible segundo a UNE-EN 2:1994/A1:2005. Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Documento básico de seguridade en caso de incendios do CTE aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de Edificación. Prevención de incendios: actuación sobre o combustible, sobre o comburente, sobre o foco de ignición e sobre a reacción en cadea. Comportamento ante o lume dos materiais de construción e elementos construtivos. Protección estrutural de edificios e locais: sectorización. Sistemas de detección e alarma.

TEMA 35.- O risco de incendio II: Medios de loita contra incendios: protección activa e pasiva contra incendios. Extintores, bocas de incendio equipadas, hidrantes, columnas secas e rociadores automáticos. Iluminación de sinalización e emerxencia. Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

TEMA 36.- Máquinas: Real Decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas. Regulamento (UE) 2023/1230 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2023, relativo ás máquinas, requisitos esenciais de seguridade e saúde. Normas harmonizadas e presunción de conformidade. Declaración de conformidade e marcado CE.

TEMA 37.- Utilización de equipos de traballo: Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo. Procedementos de adecuación e posta en conformidade de equipos de traballo. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos equipos de traballo.

TEMA 38.- Riscos debidos á electricidade: Efectos nocivos da electricidade. Lesións producidas pola electricidade no corpo humano. Factores que inflúen no efecto eléctrico. Tipos de contactos eléctricos. Protección contra contactos eléctricos directos e indirectos. Actuación en caso de accidente eléctrico.

TEMA 39.- Riscos debidos á electricidade II: O Real Decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico. Traballos sen tensión; traballos en tensión; maniobras, medicións, ensaios e verificacións; traballos en proximidade; traballos en emprazamentos con risco de incendio e exposición. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa protección fronte ao risco eléctrico.

TEMA 40.- Real Decreto 809/2021, do 21 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas Instrucións técnicas complementarias: disposicións xerais, instalación e posta en servizo. Inspeccións periódicas, reparacións e modificacións.

TEMA 41.- Explosións: Real Decreto 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores expostos aos riscos derivados das atmosferas explosivas no lugar de traballo. Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo.

TEMA 42.- Espazos confinados: concepto de espazo confinado. Perigos asociados. Actuación ante un espazo confinado. Autorización de traballo. Procedementos de emerxencia e rescate. Adestramento e deberes do equipo de traballo no espazo confinado.

TEMA 43.- O Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relativos ás obras de construción. O estudo e o plan de seguridade e saúde. Obrigas en materia de prevención de riscos laborais dos principais intervenientes no proceso construtivo. Libro de incidencias. Referencia á Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción: requisitos esixibles aos contratistas e subcontratistas que requiran participar na subcontratación.

TEMA 44.- Traballos en altura e traballos á intemperie: Definición. Tipos de traballo en altura. Principais riscos e medidas preventivas.

TEMA 45.- Toxicoloxía Industrial: Clasificación dos contaminantes. Concepto e clasificación dos efectos tóxicos. Toxicocinética: absorción, distribución, depósito, metabolización e eliminación. Relación dose-efecto e dose-resposta.

TEMA 46.- Lexislación sobre rexistros, avaliación, autorización e restrición de substancias e mesturas químicas. Lexislación sobre clasificación, envasado e etiquetado de substancias e mesturas químicas. Características de perigosidade dos produtos químicos. Criterios de clasificación de substancias e mesturas químicas. Mecanismos de información: etiquetas. Fichas de datos de seguridade.

TEMA 47.- Criterios de valoración de axentes químicos. Limites de exposición profesional para axentes químicos en España. Valores límite ambientais (VLA). Directrices para a avaliación da exposición por inhalación de axentes químicos. Valoración por comparación co VLA de exposición diaria VLA-ED. Valoración por comparación co VLA de exposicións de curta duración (VLA-EC). Medicións periódicas de control. Valores límite biolóxicos (VLB). Control biolóxico.

TEMA 48.- Medición dos contaminantes químicos. Medicións puntuais e promedio. Medicións persoais e ambientais. Instrumentos de lectura directa. Sistemas activos de toma de mostrás. Calibración dos equipos. Sistemas pasivos de toma de mostrás. Transporte e conservación das mostrás. Representatividade das medicións. Estratexias de mostraxe. Condicionantes da toma de mostrás. Control de calidade dos equipos de medida.

TEMA 49.- Control das exposicións fronte a axentes químicos. Técnicas xerais: accións de control técnicas. Accións de control organizativas. Priorización do control de riscos. Accións sobre o axente. Accións sobre o proceso. Accións no local de traballo. Accións nos métodos de traballo. Técnicas de ventilación para o control dos axentes químicos: extracción localizada e ventilación por dilución.

TEMA 50.- O Real Decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados cos axentes químicos presentes nos lugares de traballo: concepto de presenza e exposición.

TEMA 51.- Real Decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos, mutáxenos ou reprotóxicos durante o traballo. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos ou mutáxenos durante o traballo.

TEMA 52.- Axentes biolóxicos: Real Decreto 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos nos lugares de traballo.

TEMA 53.- Ruído: Real Decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición dos traballadores ao ruído.

TEMA 54.- Vibracións: Real Decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivarse da exposición a vibracións mecánicas. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coas vibracións mecánicas.

TEMA 55.- Ambiente térmico. Ecuación do balance térmico. Mecanismos de termorregulación e de intercambio de calor entre o organismo e o ambiente. Efectos da calor e do frío sobre o organismo. Métodos de valoración: índice WBGT. Índice de sobrecarga térmica. Índice IREQ (aislamento requirido da vestimenta). Temperatura de arrefriamento polo vento. Control das exposicións. Principais medidas preventivas.

TEMA 56.- Real Decreto 299/2016, do 22 de xullo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a campos electromagnéticos. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición a campos electromagnéticos nos lugares de traballo.

TEMA 57.- Radiacións ionizantes: conceptos básicos sobre radiacións ionizantes e protección radiolóxica. Real Decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes. Especial mención á radiación natural: radón.

TEMA 58.- Praguicidas: clasificación, toxicoloxía dos praguicidas: absorción, transporte, biotransformación e eliminación, danos á saúde. Praguicidas canceríxenos. Límites de exposición profesional (VLA, VLB), protección na aplicación, ecotoxicidade.

TEMA 59.- Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. Guía técnica do INSST para a avaliación e prevención dos riscos relacionados coa exposición ao amianto.

TEMA 60.- Ergonomía: conceptos e obxectivos. Metodoloxía ergonómica. Modelos e métodos aplicables en ergonomía. Procedemento metodolóxico para a avaliación de riscos en ergonomía.

TEMA 61.- Enfoque ergonómico na calidade do ambiente interior. As condicións ambientais no Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Ventilación en ambientes interiores. Benestar térmico. Conceptos básicos. Ecuación do balance térmico. Normativa aplicable. Os índices PMV e PPD. As condicións de iluminación dos lugares de traballo; criterios para a súa avaliación e acondicionamento. Medidas preventivas e de control.

TEMA 62.- Avaliación ergonómica do ruído. Reaccións subxectivas, comportamentais e respostas psicofisiolóxicas. Aspectos ergonómicos do ruído e a súa avaliación: medidas preventivas e de control.

TEMA 63.- Real Decreto 488/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao traballo con equipos que inclúan pantallas de visualización de datos. Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización de equipos con pantallas de visualización.

TEMA 64.- Carga física de traballo: a capacidade de traballo física. Medición da carga derivada do traballo dinámico mediante o consumo de osíxeno. Fatiga física e a súa recuperación. Carga física de traballo: a súa valoración mediante a medición da frecuencia cardíaca. Os criterios de Chamoux e de Frimat.

TEMA 65.- Manipulación manual de cargas: o Real Decreto 487/1997 do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dorso lumbares, para os traballadores. Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos á manipulación manual de carga.

TEMA 66.- Posturas de traballo: factores que as determinan. Riscos derivados das posturas de traballo e a súa prevención. Criterios para a avaliación das posturas de traballo. Métodos de avaliación das posturas de traballo baseados na observación. O método OWAS e o método REBA e ISO 11226.

TEMA 67.- A carga mental de traballo. Definición. Dimensións. Modelos explicativos. Consecuencias. Avaliación. Prevención.

TEMA 68.- A avaliación de riscos psicosociais. Criterios para levar a cabo unha avaliación de factores de risco psicosocial. Proceso e metodoloxía para a avaliación dos factores psicosociais. Técnicas de avaliación cuantitativas: uso e alcance. O método de avaliación FPSICO. Outros métodos de avaliación psicosocial. Técnicas de avaliación cualitativas en psicosocioloxía: uso e alcance, a observación, as entrevistas e os grupos de discusión, o método DELPHI. Informe de avaliación. Actualización e/ou revisión da avaliación psicosocial.

TEMA 69.- Estrés laboral. Estresores e factores moduladores do estrés. A resposta de estrés: fisiolóxica, cognitiva, emocional e condutual. Os casos específicos de adicción ao traballo, tecnoestrés, tecnoadicción e outras manifestacións asociadas ao estrés laboral e a súa prevención. Modelos explicativos de Karasek, Johnson e Siegrist, outros. Síndrome de estar queimado polo traballo (burnout). Definición e delimitación conceptual. Antecedentes e factores de risco. Avaliación do risco. Caracterización do síndrome. Efectos sobre a persoa e sobre a organización. Estratexias de prevención na orixe, de minimización do risco e de protección.

TEMA 70.- Acoso psicolóxico no traballo. Acoso sexual e por razón de sexo. Violencia ocupacional externa: concepto e caracterización, medidas preventivas. Protocolos e outras ferramentas específicas de intervención. Outros tipos de acoso: acoso discriminatorio por razón de sexo, de idade, por capacidades funcionais diferentes, maternidade e/ou paternidade. O convenio número 190 e a recomendación 206 da OIT sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo.

TEMA 71.- Proceso de intervención psicosocial. Concepto. Deseño das medidas de intervención. Priorización das medidas: criterios. Principios da intervención psicosocial. Intervencións específicas sobre a organización do traballo, o contido e natureza da tarefa e as relacións persoais. Avaliación e seguimento das medidas de intervención.

TEMA 72.- Xestión psicosocial. Formación e información aos traballadores sobre os factores de risco psicosocial do seu posto de traballo. Dereito de consulta e participación no ámbito psicosocial. Coordinación de actividades empresariais en materia psicosocial. Integración da xestión psicosocial na cadea de mando. Coordinación interdepartamental (recursos humanos, relacións laborais, responsabilidade social corporativa, etc.).

2026/4401